

## O alcalde, Javier Bas, tenta de novo enganar a AER. Non temos policías válidos en Redondela?



O pasado 18 de setembro recibimos por parte do equipo do goberno do PP unha proposta para as bases dunhas vindeiras ofertas de emprego público no noso Concello. Unha destas ofertas de emprego público é para **cubrir o posto de inspector de policía local**.

Antes de nada, explicar que, **para cubrir esta praza, poden establecerse os seguintes procedementos:**

- “Movilidade vertical” ou “promoción interna”: pode accederse dende a praza inmediatamente inferior, dentro do mesmo Concello. Temos que dicir que no Concello de Redondela, dende hai algún tempo, as prazas que poden cubrirse por este procedemento de promoción interna, cóbrense deste xeito, estando dacordo con este sistema tódolos sindicatos e habendo moitos exemplos nos últimos anos.

- “Movilidade horizontal”: hai que acceder dende a mesma categoría de praza, praza que non temos no noso Concello. Que significa isto? Pois que **poden presentarse inspectores de policía de toda Galiza, cortando así a carreira profesional dos policías locais deste Concello, que non van poder presentarse.**

Cando Alcaldía nos facilitou as bases de contratación, **sorprendeunos esta fórmula escollida para a praza de inspector de policía**; polo que pedimos explicacións ao alcalde. Javier Bas danos a súa visión e infórmanos que a esta praza poderá accederse polas dúas vías: mobilidade horizontal e vertical. Ao día seguinte, vendo que AER seguía dándolle voltas ao asunto, chámamos para aclararnos que nesa conversa "cometeu un erro" e que tras consultalo, non pode ser, ten que ser promoción vertical ou horizontal, as dúas xuntas imposible.

Como sempre, fomos contrastar a información e soubemos que **inicialmente, a secretaria do Concello redactou as bases para esta praza de inspector de policía establecendo a fórmula de promoción interna, pero o alcalde solicitou un cambio nas bases para que fora por mobilidade horizontal, impedindo así que puidesen optar a esta praza os policías locais de Redondela.**

Entendemos dende esta Agrupación que debemos ser xustos cos funcionarios e funcionarias do noso Concello, e que todos deben ter os mesmos dereitos, do mesmo xeito que teñen as súas obrigas. **Gustaríanos que dende Alcaldía entenderan esa xustiza do mesmo xeito, pero parece que certos intereses priman por riba da consideración que se debe dar aos traballadores.** Ao fin e ao cabo, grazas a eles a xestión do Concello sempre continúa.

Neste caso, **dende AER concluímos que o alcalde quixo enganarnos e cambiou as bases tentando dirixir a contratación, porque un dos que pode acceder á praza non é do seu agrado.**

Tamén nos gustaría recordarlle ao señor alcalde que deixe atrás estas tentativas de facer as cousas deste xeito cando o considera convinte, porque non só nos acabamos enterando , senón que seguiremos a facelas públicas para que cada un saque as súas propias conclusións, porque as nosas nós témolas claras e o que tentaron facernos, tamén.

Recordámoslle ao alcalde que o Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007, de 12 de abril) recolle nos seus artigo 14 como dereito dos funcionarios/as públicos *"á carreira profesional e a promoción interna segundo os principios constitucionais de IGUALDADE, MÉRITO E CAPACIDADE mediante a implantación de sistemas obxectivos e transparentes de avaliación"*.

Tendo en conta que entre os membros da policía municipal hai persoas que poden optar a este posto, dende AER queremos manifestar a nosa total disconformidade co sistema proposto polo equipo de goberno. A nosa Agrupación defenderá que este posto se adxudique por promoción interna, e así llo fixemos saber ao equipo de goberno por rexistro.

Non entendemos por que temos que buscar fóra o que xa temos na casa, confiamos na capacidade dos membros da Policía Local que poden optar a este posto.

Redondela, a 23 de outubro de 2015